

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO,
O 30 DE AGOSTO DE 2012,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

DECRETOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Decreto polo que se fixan as gratificacións e indemnizacións que percibirán os membros da Administración electoral en Galicia e o persoal ao seu servizo, os xuíces de primeira instancia ou de paz, representantes da Administración da Comunidade Autónoma nas mesas electorais, así como o persoal dos servizos centrais da Xunta de Galicia, co gallo das eleccións ao Parlamento de Galicia de 2012.

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Decreto polo que se declara ben de interese cultural coa categoría de monumento o Pazo de Fefiñáns, no concello de Cambados (Pontevedra).

ACORDOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Acordo polo que se aproban as instrucións económico-administrativas para os/as delegados/as provinciais da Oficina do Censo Electoral.
- Acordo polo que se aproban as instrucións económico-administrativas para os /as secretarios/as dos concellos.
- Acordo polo que se aproban as instrucións económico-administrativas para os/as delegados/as territoriais da Xunta de Galicia.
- Acordo polo que se aproban as instrucións económico-administrativas para os/as presidentes/as das xuntas electorais.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia, a Deputación Provincial de Pontevedra e os concellos de Caldas de Reis, Cuntis e Moraña, por importe de trescentos sesenta e nove mil douscentos sesenta e un euros con cincuenta e sete céntimos (369.261,57€).
- Acordo do Consello da Xunta de Galicia polo que se autoriza a subscrición dun Convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e a axencia estatal Consello Superior de Investigacións Científicas para a realización de estudos de control de calidade das augas costeiras de Galicia por un importe de cento corenta mil euros (140.000 euros).
- Acordo polo que se aproba a colaboración técnico-financeira da Xunta de Galicia co concello de Vila de Cruces para a execución da obra de abastecemento a Fontao. Vila de Cruces (Pontevedra), polo importe de cincocentos cincuenta e tres mil dez euros con noventa e un céntimos (553.010,91€).
- Acordo do Consello da Xunta de Galicia polo que se autoriza a colaboración técnica e financeira da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas co Concello da Veiga para a construción dun punto limpo no concello de A Veiga (Ourense) por importe de trescentos cincuenta e sete mil trescentos corenta e seis euros con setenta e seis céntimos (357.346,76 €).

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Acordo polo que se autoriza a subscrición dun convenio de colaboración entre a Consellería de Economía e Industria e o Concello de Ribeira, para a realización dun novo mercado municipal, por un importe total de tres millóns oitocentos noventa e cinco mil cento oitenta euros con sesenta e catro céntimos (3.895.180,64 €).
- Acordo polo que se autoriza a subscrición dun convenio de colaboración entre a Consellería de Economía e Industria e o Concello da Estrada, para remodelación do mercado municipal, por un importe total de un millón cincocentos vinte e dous mil setecentos euros con corenta e dous céntimos (1.522.700,42 €).
- Acordo polo que autoriza a subscrición do convenio de colaboración entre a Consellería de Economía e Industria e a Federación Galega de Comercio para a realización de diversas actuacións de información e dinamización do comercio no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, por importe de catrocentos noventa e nove mil cincocentos euros (499.500,00 €)

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Universidade de Vigo para elaborar o plan estratéxico do Campus da Auga (Ourense) e o programa de necesidades funcionais e usos da futura sede, por un importe total de 247.800 €

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a validación do Acordo entre o Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade e a Comunidade Autónoma de Galicia para fixar as condicións da adquisición de vacinas do calendario e outras, para a campaña 2013-2014.
- Acordo polo que se autoriza a validación do Acordo entre o Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade e a Comunidade Autónoma de Galicia para fixar as condicións da adquisición de vacinas fronte ao virus do papiloma humano para o ano 2013.
- Acordo polo que se autoriza a validación do Acordo entre o Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade e a Comunidade Autónoma de Galicia para fixar as condicións da adquisición de vacinas fronte á gripe estacional para a campaña 2012-2013.
- Acordo polo que se autoriza a validación do Acordo entre o Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade e a Comunidade Autónoma de Galicia para fixar as condicións da adquisición de vacinas fronte ao meningococo para a campaña 2013-2014.
- Acordo polo que se aproba o programa de protección social de saúde pública para as persoas que non reúnan as condicións de aseguradas, beneficiarias ou que non poidan subscribir un convenio especial e non teñen dereito á prestación sanitaria por ningún outro medio.

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Traballo e Benestar para establecer pagamentos á conta en porcentaxe superior aos recollidos no artigo 62 do Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como a exención da obriga de constituír garantías, no proxecto de Orde pola que se establecen as bases reguladoras do programa de incentivos ás empresas de inserción laboral (EIL) e ás súas entidades

promotoras, cofinanciado polo Fondo Social Europeo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2012. Importe: douscentos mil euros (200.000,00 €)

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Traballo e Benestar para establecer anticipos en porcentaxe superior aos recollidos no artigo 63 do Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como a realizar pagamentos á conta en porcentaxe superior aos recollidos no artigo 62 do citado Regulamento da Lei de subvencións de Galicia, e tamén a exención da obriga de constituír garantías, no proxecto de Orde pola que se establecen as bases reguladoras da subvención do custo salarial para o mantemento dos postos de traballo ocupados por persoas con discapacidade nos centros especiais de emprego de Galicia e se procede a súa convocatoria para o período do 1 de xullo de 2012 ata o 30 de novembro de 2012. Importe: dous millóns oitocentos setenta e sete mil douscentos setenta e catro euros con noventa e cinco céntimos (2.877.274,95 €).

INFORME

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Informe concurso licitación abastecedores PEMEX.

O OPERATIVO PARA AS ELECCIÓNS GALEGAS DO 21 DE OUTUBRO REBAIXA UN 40% OS CUSTOS RESPECTO AOS COMICIOS DE 2009

- *Redúcense nun 20 por cento as asignacións aos partidos políticos, seguindo as políticas de austeridade que vén aplicando a Xunta nesta lexislatura*
- *O aforro total supera os 4,7 millóns de euros e mantéñense as asignacións aos cidadáns que formen parte das mesas electorais*

O Consello da Xunta informou esta mañá do orzamento que destinará o Goberno galego ao operativo para as eleccións ao Parlamento galego 2012, que terán lugar o vindeiro 21 de outubro. En total serán 9,8 millóns de euros, o que representa unha redución de custos dun 40 por cento respecto á pasada convocatoria electoral (un 32% e a no actualización dos gastos do ano 2009 conforme aos IPC dos últimos catro anos), cando ascendeu a 14,6 millóns de euros.

O aforro destes 4,7 millóns de euros vén motivado, entre outras cousas, pola redución dos representantes da Administración na xornada electoral e pola eliminación das gratificacións aos altos cargos, mentres que se manteñen integramente as asignacións aos cidadáns que formen parte das mesas electorais. Tamén se reducen nun 20 por cento as asignacións aos partidos políticos seguindo as políticas de austeridade que vén aplicando a Xunta de Galicia desde 2009.

Ademais, diminúen nun 10 por cento as gratificacións dos representantes da Xunta e un 5 por cento as do resto do persoal que intervén no proceso electoral. Así mesmo, tamén se produce unha baixada do 10 por cento nas achegas realizadas ás xuntas provinciais e ás de zona para gastos de funcionamento e nas que se viñan realizando as concellos galegos para acondicionamento de locais e montaxe, desmontaxe e transporte de urnas e cabinas.

Tamén se reduce ao mínimo legal o número de papeletas de votacións impresas e as axudas de custo, reutilizaranse as cabinas de votación e as urnas electorais e suprimírase o acto público de difusión de resultados con invitados, limitándose aos medios de comunicación e facéndose a difusión de resultados a través da internet e en tempo real. Tamén se suprime a asistencia técnica contratada anteriormente para traballos administrativos electorais, cuxo traballo realizarán funcionarios da Administración.

Un operativo con preto de 50.000 persoas

No operativo electoral para as vindeiras eleccións en Galicia está previsto que participen preto de 50.000 persoas, que se encargarán do correcto funcionamento do proceso. Así haberá 18.000 membros nas mesas electorais e 22.000 suplentes; 3.800 representantes da Administración; máis de 3.000 policía e membros de seguridade; 350 membros das xuntas electorais; 200 telefonistas e media centena de persoas encargadas do control de incidencias, entre outros.

A CONSELLERÍA DE CULTURA E EDUCACIÓN DECLARA O CAMBADÉS PAZO DE FEFIÑÁNS BEN DE INTERESE CULTURAL

- ***O Consello da Xunta deu hoxe luz verde ao decreto polo que o conxunto monumental cambadés, incluíndo a Igrexa de San Bieito, acada este recoñecemento***

O Consello da Xunta aprobou hoxe a declaración do Pazo de Fefiñáns (Cambados) como ben de interese cultural con categoría de monumento, incluíndo neste conxunto a Igrexa de San Bieito, tanto polo seu valor patrimonial como por ter sido a capela do Pazo. Deste xeito dáse cumprimento ao anuncio realizado polo presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo, a inicios deste mes de agosto. Tras analizar os informes favorables ao respecto da Comisión Territorial do Patrimonio Histórico de Pontevedra, da Real Academia de Belas Artes de Nosa Señora do Rosario, do Consello da Cultura Galega e da Universidade de Santiago de Compostela, o departamento dirixido por Xesús Vázquez Abad decidiu a delimitación definitiva do BIC, así como o seu perímetro de protección.

Deste xeito, ademais do propio edificio do pazo e da igrexa de San Bieito, decláranse BIC as edificacións anexas, como as cortes das bestas e adegas; e os bens mobles vinculados a ambos os edificios, tales como retratos, esculturas, retablos, escudos e mobiliario diverso.

A declaración de Fefiñáns como BIC é froito do compromiso da Xunta de Galicia coa conservación do patrimonio histórico de Cambados, e únese á declaración como ben de interese cultural do conxunto histórico-artístico da vila no ano 2001.

Valor histórico e arquitectónico

Na valoración deste conxunto monumental tívose en conta o seu papel como elemento sobranceiro dentro da arquitectura civil galega característica do movemento barroco, referente obrigado do patrimonio cultural de Galicia e como un dos trazos de identidade cultural máis significativos de Cambados. Cómpre sinalar, neste sentido que o Pazo de Fefiñáns foi unha construción clave para o desenvolvemento económico e configuración urbana do núcleo desta vila pontevedresa, pola súa proximidade á antiga Praza do Mercado.

Desde o punto de vista dos datos histórico-artísticos o conxunto recoñecido como BIC é un expoñente singular do que foi definido como cultura dos pazos, que alcanza a súa etapa de esplendor en Galicia nos primeiros anos do século XVIII. Neste sentido, o pazo, dos primeiros anos do século XVII - aínda que o seu núcleo primixenio data do século XVI-, é un exemplo de arte barroca, malia o evidente influxo do Renacemento italiano presente na súa fachada principal. Respecto da Igrexa de San Bieito, trátase dun templo

de orixe románica, con planta de cruz latina e coroada por dúas torres de estilo churrigueresco.

Ambas as edificacións conservan bens mobles que dan conta do esplendor pasado do pazo e das familias propietarias, así como dos patróns da igrexa, as familias Sarmiento, Valladares e Figueroa. Así mesmo, o pazo conserva parte das terras que lle pertencían, delimitadas por un alto valo de pedra que contribúe a dar aínda máis singularidade ao conxunto, e que conservan parte do seu uso como horta, xardín e adegas.

Perímetro de protección


No que atinxe ao perímetro de protección do BIC, o decreto amplía esta área respecto do expediente incoado inicialmente, dando resposta ás recomendacións dos devanditos órganos consultados. Deste xeito, o perímetro é o indicado na imaxe anexa.

Coa declaración do pazo de Fefiñáns como BIC, a Consellería de Cultura e Educación recoñece o importante valor patrimonial deste conxunto monumental, que forma parte do conxunto histórico de Cambados, e que é unha figura fundamental no imaxinario colectivo dos habitantes desta vila. Cómpre sinalar, ademais, a singularidade das edificacións e as terras lindantes, no contexto dos pazos galegos, que recomentan o seu recoñecemento específico como un ben merecedor dunha especial protección.



ANEXO II

0 30 50 90 110m ESCALA 1:3000 N



O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA UN CONVENIO ENTRE AUGAS DE GALICIA, A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E OS CONCELLOS DE CALDAS, MORAÑA E CUNTIS PARA TRANSFERENCIA DE 378.000 EUROS POLA EXPLOTACIÓN DA PRESA DO UMIA

- *Medio Ambiente destina máis de 370.000 euros para repartir entre os concellos beneficiarios en igual proporción para o financiamento de actuacións de carácter educativo, cultural e de asistencia social*
- *Os citados concellos asumen a condición de beneficiarios das axudas previstas no prego da concesión e no presente convenio*
- *O convenio autorizado hoxe polo Consello da Xunta estenderá a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2012*

O Consello da Xunta autorizou na súa reunión de hoxe un convenio de colaboración entre os organismos Augas de Galicia, a Deputación de Pontevedra e os concellos de Caldas, Cuntis e Moraña no cal se establecen as bases da explotación do aproveitamento hidroeléctrico da presa do río Umia. Grazas a este acordo, a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas destina máis de 370.000 euros para repartir entre os concellos beneficiarios en igual proporción, é dicir, a cantidade de 126.041,29 euros para cada un deles, para o financiamento de actuacións de carácter educativo, cultural e de asistencia social

Este acordo determina as cantidades do canon devindicado pola explotación hidroeléctrica da presa de Caldas que se destina aos citados concellos para o financiamento de actuación da tipoloxía xa mencionada.

Para iso, Augas de Galicia destina máis de 370.000 euros e coa aprobación deste convenio preténdese fixar as condicións ás cales deberá suxeitarse a Deputación de Pontevedra na xestión de fondos, en calidade de entidade colaboradora.

Beneficiarios

Os concellos de Caldas, Cuntis e Moraña asumen a condición de beneficiarios das axudas previstas no prego da concesión e no presente convenio para aquelas actividades incluídas no ámbito material previsto, cando se desenvolvan en cada municipio.

Cómpre sinalar que se constitúe unha comisión de seguimento, presidida pola Presidencia de Augas de Galicia e integrada por representantes de Augas de Galicia, Deputación de Pontevedra e dos concellos de Caldas, Cuntis e Moraña.

Esta comisión impulsará e avaliará o cumprimento do presente convenio, interpretará o seu contido en caso de dúbida e propondrá resolucións a posibles controversias que poidan xurdir na aplicación.

Antecedentes

O 13 de novembro de 2002 asinouse o primeiro convenio co obxecto de establecer as bases que rexerían a cooperación técnica e económica entre Augas de Galicia, a Deputación de Pontevedra e os concellos de Caldas, Cuntis e Moraña.

O 22 de abril de 2010, o prego de bases foi modificado no sentido de prever a actualización daquelas cantidades en función do IPC. Asinouse un novo convenio o 22 de novembro de 2010, acordo que esgotou a súa vixencia o 31 de decembro do pasado ano, motivo polo cal resulta necesario proceder á sinatura dun novo convenio, que estenderá a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2012.

Por outra parte, os beneficiarios terán que cumprir o obxecto de executar o proxecto para realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención, ademais de ter que presentar ante Augas de Galicia unha relación das actuacións de carácter educativo, cultural e de asistencia social que pretendan financiar no exercicio orzamentario, posto que esta entidade é a encargada da aprobación destas accións concretas.

A XUNTA ASINA UN CONVENIO CO CSIC PARA COLABORAR NA REALIZACIÓN DE ESTUDOS DE CONTROL DAS AUGAS COSTEIRAS

- ***O convenio autorizado compromete unha achega por parte da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas de 140.000 euros entre os anos 2012 e 2013***
- ***A sinatura deste convenio de colaboración permitirá optimizar a realización de estudos de control das augas costeiras e ampliar as zonas en que se levan a cabo, o cal permitirá incidir na mellora da súa calidade***

O Consello de Goberno da Xunta de Galicia aprobou na súa reunión de hoxe o proxecto de acordo polo que se autoriza a subscripción dun convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e a axencia estatal Consello Superior de Investigacións Científicas para a realización de estudos de control de calidade das augas costeiras de Galicia.

O convenio autorizado hoxe compromete unha achega por parte da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas de 140.000 euros entre os anos 2012 e 2013. Trátase dun acordo que permitirá ao Instituto de Investigacións Mariñas e a CMATI compartir infraestruturas e materiais, así como recursos científicos e técnicos e servizos de interese común, de xeito que o persoal de ambas as dúas entidades teña garantido o acceso a eses recursos. Ambas as dúas partes colaborarán en iniciativas conxuntas no campo da difusión pública do coñecemento xerado pola actividade investigadora.

A sinatura deste convenio de colaboración permitirá optimizar a realización de estudos de control das augas costeiras e ampliar as zonas en que se levan a cabo, o que permitirá incidir na mellora da súa calidade, favorecendo así a protección do medio mariño e da saúde das persoas e contribuíndo á viabilidade dos sectores produtivos relacionados.

A Subdirección Xeral de Metereoloxía e Investigación da CMATI, está a realizar actualmente estudos de control de calidade das augas, tanto continentais como mariñas, no ámbito das competencias da Rede de Observación Ambiental do Territorio, e quere ampliar as zonas de estudo segundo os programas de seguimento para os efectos dunha avaliación continua e periódica do estado das augas mariñas costeiras de Galicia.


Existe vontade por parte de ambas as entidades en realizar unha colaboración, dado que a Consellería reconece o interese en apoiar a investigación desenvolvida polo Instituto de Investigacións Mariñas xerando coñecementos científicos que son de utilidade para as tarefas de xestión que deben abordarse desde ela.

En concreto, en virtude deste convenio, a Consellería comprométese a dotar de persoal investigador e técnico necesario para o desenvolvemento de actividades conxuntas, así mesmo comunicará con antelación o inicio das correspondentes campañas de estudo e, en todo caso, con polo menos catro días hábiles antes da data de saída do buque, o plan da campaña previsto para a realización das mostras, a relación do persoal embarcado, así como a súa pertenza ás entidades das cales dependen.

Programas de control das augas

A Rede de Observación Ambiental de Galicia estableceu diversos programas de control das augas costeiras de Galicia para o correcto desenvolvemento dos obxectivos formulados na Directiva 2000/60/CE.

A situación dos puntos de mostraxe para os cales se fai necesario o uso dun buque oceanográfico reflíctese no seguinte mapa.



Os programas de control operativo e de vixilancia determinados por esta directiva fan necesario o control rutineiro dos parámetros fisicoquímicos nos puntos de mostraxe establecidos nas súas redes de control, e a recollida de mostras segundo as frecuencias programadas.

Conforme a situación dos puntos de control e as frecuencias de mostraxe de cada un destes parámetros, faise necesaria a realización de polo menos catro campañas oceanográficas a bordo dun buque oceanográfico, cunha duración mínima de 4-5 días por campaña.

O tempo establecido para alcanzar unha mostraxe apropiada pode variar atendendo ás dificultades derivadas do estado do mar e da meteoroloxía.

O posterior tratamento das mostras e información recollida, en canto á análise, tratamento e obtención de resultados, levaraa a cabo directamente o Laboratorio de Medio Ambiente de Galicia.

As conclusións diagnósticas sobre o estado das masas de auga obtidas a partir dos resultados analíticos e do tratamento conxunto dos datos pode condicionar a obriga da repetición ou variación das mostraxes do buque, tal e como establece o carácter dinámico da propia Directiva 2000/60/CE.

A XUNTA INVESTIRÁ MÁIS DE MEDIO MILLÓN DE EUROS NA MELLORA DO ABASTECIMENTO AO NÚCLEO DE FONTAO, EN VILA DE CRUCES

- *A solución que se propón consiste en proporcionar abastecemento de auga potable á parroquia de Fontao desde a rede municipal de Vila de Cruces, cun trazado que tamén permitirá proporcionar auga ás parroquias de Besexos, Oirós e Bodaño*
- *O Consello de Goberno da Xunta de Galicia aproba a colaboración técnico-financieira do Goberno galego para levar a cabo esta actuación, que conta cun prazo de execución de cinco meses*
- *As obras consistirán na execución de 8.790 metros de tubaxe de polietileno para abastecemento de 110 mm de diámetro, que vai desde a arqueta de entroncamento coa rede actual situada ás aforas de Vila de Cruces ata o poboado mineiro de Fontao*

O Consello de Goberno da Xunta de Galicia aprobou na súa reunión de hoxe o proxecto de acordo polo que dá o visto e praxe á colaboración técnico-financieira da Administración hidráulica de Galicia co concello de Vila de Cruces para a execución da obra de abastecemento a Fontao, Vila de Cruces (Pontevedra), por importe de 553.000.

Con esta actuación, que contará cun prazo de execución de cinco meses, mellorarase a calidade da auga da cal se abastecen os veciños de Fontao, Besexos, Oirós e Bodaño no concello de Vila de Cruces.

O núcleo de Fontao é un poboado mineiro situado ao sur do concello de Vila de Cruces. Na actualidade Fontao conta cun sistema de abastecemento constituído por captación en pozo e bombeo a un depósito de 130 m³. A rede de distribución en tubaxe de PEAD de 90 mm. é alimentada a través dun grupo de presión e conta con dosificación previa de cloro.

Recentemente detectouse na auga que se capta do pozo a presenza de arsénico en cantidades moi superiores ás indicadas no RD 140/2003, do 7 de febreiro, polo que se establecen os criterios sanitarios da calidade da auga de consumo humano.

A solución que se inclúe no proxecto encargado por Augas de Galicia consiste en proporcionar abastecemento de auga potable á parroquia de Fontao desde a rede municipal de Vila de Cruces. O trazado elixido permitirá proporcionar auga ás parroquias de Besexos, Oirós e Bodaño, núcleos nos cales tamén se detectou a presenza de arsénico por encima dos niveis permitidos.

Descrición da actuación

As obras consistirán na execución de 8.790 metros de tubaxe de polietileno para abastecemento de 110 mm de diámetro, que vai desde a arqueta de entroncamento coa

rede actual situada ás aforas do núcleo de Vila de Cruces ata o poboado mineiro de Fontao.

En Besexos, Oirós e Bodaño déixanse arquetas de derivación que permitirán, nun futuro, un fácil enganche destas parroquias á rede municipal. Estas derivacións serán en tubaxe de polietileno PE100 PN16 de 75 mm de diámetro. As arquetas son de formigón armado de dimensións interiores en planta de 1,5 x 1,5 metros e unha altura que vai desde os 1,25 ata os 1,5 m de altura segundo o caso. En Fontao para a conexión coa rede actual executarase unha arqueta de formigón armado de dimensións interiores 1,5 x 1,5 metros e altura 1,25 metros.

Disporanse ventosas trifuncionais nos puntos altos da rede e desaugadoiros nos seus puntos baixos. En ambos os casos, estes elementos irán aloxados en pozos de rexistro circulares de 1 m de diámetro interior, executados en formigón en masa HM-20.

Realizarse un crucezamento baixo a estrada PO-205 mediante perforación horizontal dirixida. Tamén será preciso grampar a tubaxe ao taboleiro dunha ponte sobre o río Tarrío.

A actuación conta cun investimento de 553.000 euros con cargo aos orzamentos de Augas de Galicia, e dos cales un 50% serán financiados polo Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente. Estas melloras programáronse dentro do convenio específico asinado o 7 de maio de 2012 entre a Administración xeral do Estado e a Comunidade Autónoma de Galicia para a execución, seguimento e avaliación das accións incluídas nos plans de zona das súas zonas rurais.

A XUNTA APROBA UNHA PARTIDA DE MÁIS DE 400.000 EUROS PARA IMPLANTAR UN NOVO PUNTO LIMPO QUE DEA SERVIZO AO CONCELLO DA VEIGA

- *Esta infraestrutura permitirá o depósito e clasificación daqueles residuos urbanos que requiran dunha xestión específica polo seu tamaño, natureza ou perigosidade*
- *A actuación lévase a cabo grazas ao apoio financeiro e técnico a entidades locais para a implantación destas dotacións de xestión de residuos, é dicir, os puntos limpos*
- *O Executivo autonómico leva investido nestas accións de xestión de residuos máis de 4,5 millóns de euros en puntos limpos no que vai de legislatura*
- *Tras ser aprobado o acordo de colaboración iníciase o expediente de contratación da obra, cuxa tramitación terá unha duración estimada de 5 meses*

A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, aproba o investimento dunha partida de máis de 400.000 euros para implantar un novo punto limpo que dará servizo ao Concello ourensán da Veiga. Esta dotación permitirá o depósito e clasificación daqueles residuos urbanos que requiran dunha xestión específica polo seu tamaño, natureza ou perigosidade. Tras ser aprobado o acordo de colaboración iníciase o expediente de contratación da obra, cuxa tramitación terá unha duración estimada de 5 meses.

Con isto lograrase separar os residuos xerados nos fogares que representen un risco para o ambiente ou a saúde, como os medicamentos, pilas, pinturas ou outros elementos; evitar a vertedura incontrolada de entullos e residuos voluminosos como mobles ou electrodomésticos; e facilitar a recuperación dos recursos contidos nos residuos para a súa reciclaxe.

Esta obra lévase a cabo grazas ao apoio financeiro e técnico do Goberno galego a entidades locais para a implantación de infraestruturas de xestión de residuos, como os puntos limpos. O Executivo autonómico leva investido nestas accións de xestión de residuos máis de 4,5 millóns de euros.

Beneficios dos puntos limpos

Os puntos limpos permiten aos cidadáns o depósito de residuos para a súa posterior separación e clasificación, mellorando a loxística na xestión e permitindo, co que se evita a súa vertedura incontrolada e os conseguintes impactos sobre a saúde pública, a paisaxe e o ambiente; abarátanse os procesos de valorización de residuos (recuperación e reciclaxe), e dáse cumprimento ás exixencias europeas en materia de xestión de residuos; e aproveítanse os materiais contidos nos residuos reducindo o consumo de materias primas e recursos naturais.

Esta iniciativa estende e reforza a rede de puntos limpos municipais financiados pola Xunta que, con este, constará de 135 destas infraestruturas, polo que esta acción se enmarca no desenvolvemento do Plan de xestión de residuos urbanos 2010-2020, aprobado mediante acordo do Consello da Xunta de Galicia de 2011.

Coa aprobación do acordo de colaboración sublíñase a continuidade do esforzo desenvolvido pola Xunta para apoiar o concellos galegos no desenvolvemento das competencias municipais en materia de xestión de residuos, o encadramento desta iniciativa no Plan de xestión de residuos urbanos 2010-2020 e a prioridade do coidado do ambiente vinculada coa xestión de residuos, a pesar da actual situación de crise económica.

ECONOMÍA E INDUSTRIA APOIA A MODERNIZACIÓN DAS PRAZAS DE ABASTOS DA ESTRADA E RIBEIRA PARA IMPULSAR A COMPETITIVIDADE DO COMERCIO DE PROXIMIDADE NESTES CONCELLOS

- ***As obras suman unha mobilización total de investimentos de 5,4 millóns de euros en ambos os municipios***
- ***A Consellería que dirixe Javier Guerra continúa a desenvolver a estratexia de dinamización das prazas de abastos e mercados municipais galegos ao abeiro do Plan Ágora, Agora ReComercia***

O Consello da Xunta autoriza a Consellería de Economía e Industria para a sinatura de dous convenios de colaboración cos concellos da Estrada (Pontevedra) e Ribeira (A Coruña), co obxectivo de reformar e modernizar as súas prazas de abastos e impulsar, deste xeito, a competitividade da actividade comercial e económica dos municipios galegos.

As obras desenvolvidas en ambos os concellos suman unha mobilización total de investimentos de máis de 5,4 millóns de euros, cun apoio da Consellería que dirixe Javier Guerra que supón un total de 1,4 millóns de euros. Deste xeito, o Goberno galego continúa co desenvolvemento do Plan Ágora, Agora ReComercia, especialmente orientado a impulsar a mellora competitiva do comercio de proximidade nos concellos galegos.

Neste sentido, a adecuación e mellora dos equipamentos comerciais municipais é un elemento clave para o desenvolvemento do comercio de proximidade en Galicia, de xeito que o Plan Ágora outorga unha grande importancia á renovación dos mercados e prazas de abastos, de cara á dinamización das vilas e cidades galegas.

Así, o Concello da Estrada, cun apoio de 500.000 euros da Consellería de Economía e Industria, ten previsto a revitalización do seu comercio local, partindo da remodelación do mercado municipal, un proxecto que inclúe tamén reformas para a mellora do aforro e a eficiencia enerxética e que suporá un investimento total de 1,5 millóns de euros.

Do mesmo xeito, no mercado de Ribeira realizarase unha actuación de modernización en equipamentos comerciais, tamén no mercado municipal, reformando as instalacións actuais, estratexicamente situadas dentro da área do porto, e tamén mellorando os accesos a elas, cun investimento total de 3,9 millóns de euros, o que suporá un apoio da Xunta de 900.000 euros.

Deste xeito, a Consellería de Economía e Industria colabora con ambos os concellos para facer das prazas un elemento capaz de revitalizar o pequeno e mediano comercio nunhas localidades que suman máis de 50.000 veciños e preto de 1.200 pequenos e medianos comercios (532 na Estrada e 646 en Ribeira).

A XUNTA IMPULSA A ACTIVIDADE DA FEDERACIÓN GALEGA DE COMERCIO A PROL DA DINAMIZACIÓN DO SECTOR CUN CONVENIO DE MEDIO MILLÓN DE EUROS

- ***Economía e Industria asinará un novo acordo de colaboración coa entidade para potenciar o seu traballo de impulso ao comercio de proximidade***
- ***Levaranse a cabo campañas de promoción do consumo nas vilas galegas, así como a actualización e difusión do portal de comercio electrónico, que teñen á súa disposición o sector en Galicia: comerciogalicia.es***
- ***A modernización e o apoio ao pequeno comercio é un dos eixes estratéxicos do traballo da Consellería por medio do Plan Ágora, Agora Re-Comercia***

A Consellería de Economía e Industria, que ten entre os seus principais eixos de actuación a modernización e o apoio ao comercio de proximidade, impulsa con medio millón de euros a actividade a prol da dinamización do sector que realiza a Federación Galega de Comercio.

O novo acordo de colaboración que aprobou o Consello da Xunta permitirá, entre outros aspectos, o mantemento do servizo de asesoramento e información aos comerciantes, a través do Gabinete de Asistencia Técnica da Federación, así como a posta en marcha de distintas campañas de promoción e de dinamización do consumo nas vilas galegas.

O convenio permitirá, ademais, continuar impulsando o novo portal do comercio electrónico do comercio galego, comerciogalicia.es, unha plataforma posta en marcha en colaboración coa Federación e que permite que os establecementos de proximidade galegos combinen a súa actividade tradicional coa venda a través da internet nun escaparate conxunto.

Dentro do apoio ao sector comercial, a Consellería de Economía e Industria mantén unha constante colaboración coa Federación Galega de Comercio, asociación á cal se levan destinado ao longo da lexislatura apoios que con este novo acordo suman preto de 3,5 millóns de euros.

Esta actuación enmárcase dentro do Plan Ágora, Agora Re-Comercia, que recolle a estratexia integral da Xunta de apoio ao comercio de proximidade, na cal se aposta pola modernización e a dinamización deste, entre outros aspectos, impulsando o asociacionismo comercial, apostando pola modernización das prazas de abastos ou colaborando cos concellos na remodelación das infraestruturas comerciais.

CULTURA E EDUCACIÓN E A UNIVERSIDADE DE VIGO COLABORARÁN PARA CONSOLIDAR EN OURENSE O CAMPUS DA AUGA COMO UN CENTRO DE REFERENCIA E EXCELENCIA CIENTÍFICA

- ***O Consello da Xunta deu hoxe luz verde á sinatura dun convenio de colaboración entre ambas as entidades para o impulso desta iniciativa, para o cal a Consellería achegará 247.800 euros***
- ***Trátase da primeira iniciativa de especialización dun campus non central no Sistema Universitario de Galicia***

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Universidade de Vigo colaborarán para impulsar o proxecto Campus da Auga en Ourense, a primeira iniciativa de especialización dun campus non central no Sistema Universitario de Galicia. Con esta colaboración, á que deu hoxe o visto e praxe o Consello da Xunta, o departamento educativo da Xunta de Galicia quere impulsar a consolidación do Campus de Ourense como un centro de referencia e excelencia científica, con capacidade de proxección exterior e de creación de valor económico e social como motor de desenvolvemento territorial na provincia.

Para o impulso desta iniciativa, a Consellería e Universidade de Vigo asinarán un convenio de colaboración para a elaboración do Plan estratéxico e do Programa de necesidades funcionais e usos da futura sede do Campus da Auga, que vertebran a estratexia de implantación e de dotación de personalidade propia e identidade científica ao Campus de Ourense.

Co seu impulso a este proxecto o departamento educativo da Xunta de Galicia procura unha maior inserción do campus ourensán cos sectores económicos e produtivos da provincia, tales como o termalismo, co obxecto de promover arredor deles a xeración de emprego e riqueza. Neste sentido, o Campus da Auga supón avanzar nas misións fundamentais da Universidade nos nosos días, como son un maior desenvolvemento da I+d+i e a necesidade de transferencia dos seus froitos á sociedade.

Por outra banda, procúrase promover unha política integral no ámbito da formación, a investigación, a transferencia e valorización do coñecemento e da actividade profesional e empresarial. Neste sentido cómpre lembrar que esta iniciativa vai paralela ao Plan impulsa Ourense, impulsado pola Xunta de Galicia a través do Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE), que define os eixes estratéxicos, obxectivos, liñas de actuación e actuacións concretas para o impulso económico da provincia de Ourense (2011-2018).

Obxectivos estratéxicos

Ao abeiro da colaboración aprobada hoxe, o departamento educativo da Xunta de Galicia achegará 247.800 para o financiamento dos traballos e estudos necesarios

para a elaboración do Plan estratéxico e do Programa de necesidades funcionais e usos da futura sede do Campus da Auga. Pola súa parte, a Universidade de Vigo asume o compromiso de desenvolver o Plan estratéxico e de manter as estruturas científico-tecnolóxicas de investigación resultantes, consolidando os servizos asociados para o seu uso pola comunidade científica da Universidade de Vigo e polo conxunto do sistema de innovación galego.

Entre os obxectivos do Plan estratéxico destaca o de potenciar a singularidade e a especialización do Campus de Ourense, na procura dun mapa universitario galego diversificado nas súas correspondentes fortalezas; ao tempo que se mellora a calidade das universidades galegas, especialmente a través das infraestruturas de investigación, que incidan no desenvolvemento docente e científico.

GALICIA AFORRARÁ 3,5 MILLÓNS DE EUROS COA COMPRA CENTRALIZADA DE VACINAS

O Consello da Xunta autorizou hoxe a validación do acordo entre a Comunidade Autónoma de Galicia e o Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade para fixar as condicións de adquisición de vacinas, tanto as incluídas no calendario oficial de vacinación infantil como outras. Esta compra centralizada de vacinas permitirá a Galicia acadar un aforro de arredor de 3,5 millóns de euros.

Isto súmase ás medidas de aforro e eficiencia no gasto que se están a aplicar, o que permitiu ampliar o calendario vacinal no ano 2011 ca introdución da vacina antineumocócica e mantela en 2012 ao tempo.

Esta contratación ten por obxecto atender a demanda de vacinas da Comunidade Autónoma de Galicia para os anos 2013 e 2014, e busca obter a mellor relación calidade/prezo a través do procedemento de consulta derivado do Acordo marco do Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade.

O procedemento do Ministerio permite definir unha relación exhaustiva de todas as características técnicas exixibles ás vacinas e aplicalas de forma común e homoxénea a todas comunidades autónomas adheridas ao Acordo marco, así como establecer un compromiso firme entre a Consellería de Sanidade e o provedor no cumprimento destas condicións ao longo do período de duración do contrato.

As vacinas que se inclúen son as da hepatite B infantil, a hexavalente, a pentavalente, a meningocócica C, a dT_p acelular, a triple vírica, a da varicela, a do papiloma humano, a do tétanos difteria adulto, a das hepatite A e B adulto, a pneumocócica de polisacáridos, a antitifoidea (oral e inxectable), a da HIB, a da febre amarela, a antirrábica, a meningocócica conxugada tetravalente e as da gripe (fraccionada e adxuvada).

A XUNTA APROBA UN PROGRAMA DE PROTECCIÓN SOCIAL PARA AS PERSOAS QUE NON TEÑAN DEREITO ÁS PRESTACIÓNS SANITARIAS POR NINGÚN OUTRO MEDIO

- ***A iniciativa mantén todos os mecanismos de loita contra a fraude e o turismo sanitario e posibilitará garantir o acceso ao sistema galego de saúde polas canles máis eficientes***

O Consello da Xunta acordou hoxe aprobar un programa de protección social de saúde pública para as persoas que non reúnan a condición de aseguradas ou beneficiarias e que non poidan subscribir un convenio especial e, polo tanto, non teñan dereito ás prestacións sanitarias por ningún outro medio.

Este Programa galego de protección social de saúde pública mantén todos os mecanismos de loita contra o fraude e o turismo sanitario, ao tempo que garante o acceso ao sistema público de saúde a aquelas persoas residentes en Galicia sen recursos, en situación irregular ou que perderon o permiso de residencia por quedar no paro.

Galicia cumpre deste xeito o establecido polo Real decreto lei 16/2012 e o Real Decreto 1192/2012, e complementa normativamente a entrada en vigor da reforma do concepto de asegurado e beneficiario que establecen estes textos legais.

Protección da saúde colectiva

Así, esta iniciativa posibilitará garantir o acceso ao sistema galego de saúde polas canles máis eficientes, sen restrinxilo para algúns colectivos só a través das urxencias hospitalarias ou os puntos de atención continuada.

A XUNTA DESTINA 200.000 EUROS PARA APOIAR AS EMPRESAS DE INSERCIÓN LABORAL NA CONTRATACIÓN DE PERSOAS EN RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL

- ***O Consello da Xunta deu hoxe o visto e praxe a esta iniciativa que beneficiará a nove empresas de inserción laboral (EIL) para entre 35 e 38 traballadores***
- ***Como novidade, o programa establece unha axuda de 3.000 euros para financiar os primeiros gastos da actividade das empresas de inserción laboral por cada persoa traballadora en proceso de inserción, ata un máximo de 12.000 euros para a empresa***
- ***Así mesmo, tamén como novidade, dáse a opción ás entidades promotoras de empresas de inserción laboral de solicitar a subvención pola contratación de persoal técnico en accións de orientación e acompañamento á inserción***
- ***A axuda ten un límite máximo por todas as contratacións de 6.000 euros por cada persoa traballadora en proceso de inserción e un máximo total de 24.000 euros para a empresa***

A Consellería de Traballo e Benestar destinará 200.000 euros para promover a inserción sociolaboral das persoas en situación ou en risco de exclusión social mediante o establecemento de medidas de fomento das empresas de inserción laboral que teñan centros de traballo en Galicia, co fin de que poidan cumprir a súa función social.

O Consello da Xunta deu hoxe o visto e praxe a esta iniciativa que beneficiará a nove empresas de inserción laboral (EIL) para entre 35 e 38 traballadores. Trátase dun programa cofinanciado polo Fondo Social Europeo e establece a posibilidade de realizar pagamentos a conta ata unha porcentaxe máxima do 90 por cento.

Esta convocatoria conta con dúas novidades, tal e como o demandou o movemento asociativo. A primeira establece unha axuda de 3.000 euros para financiar os primeiros gastos da actividade das empresas de inserción laboral por cada persoa traballadora en proceso de inserción, ata un máximo de 12.000 euros para a empresa.

A subvención concédese unha soa vez e destínase a sufragar os gastos necesarios derivados da posta en marcha da actividade, realizados entre o 1 de outubro de 2011 e o 30 de setembro de 2012, para os seguintes conceptos: mercadorías, materias primas e outros aprovisionamentos, arrendamentos do local, maquinaria e equipamentos informáticos, seguros do local, publicidades e subministracións. A axuda pódese solicitar as empresas de inserción laboral que iniciasen a súa actividade a partir do 1 de outubro de 2011.

Así mesmo, tamén como novidade, dáse a opción ás entidades promotoras de empresas de inserción laboral de solicitar a subvención pola contratación de persoal

técnico en accións de orientación e acompañamento á inserción e regúlase unha axuda destinada a financiarlles parcialmente a estas entidades os custos que comporta o proceso de creación dunha empresa de inserción laboral.

Esta axuda ten unha contía equivalente ao 50% dos custos laborais totais incluídas as cotizacións á Seguridade Social por todos os conceptos a cargo da empresa ou da entidade promotora calculados sobre as 24 mensualidades. A axuda ten un límite máximo por todas as contratacións de 6.000 euros por cada persoa traballadora en proceso de inserción e un máximo total de 24.000 euros para a empresa.

A XUNTA FINANCIA O MANTEMENTO DO EMPREGO DE PRETO DE 2.000 PERSOAS TRABALLADORAS CON DISCAPACIDADE EN GALICIA

- *O Consello da Xunta aprobou hoxe esta orde de subvencións destinadas aos 110 centros especiais de emprego que existen en Galicia*
- *Esta orde conta cun investimento de 2,87 millóns para o período do 1 de xullo ao 30 de novembro de 2012, ben que en todo este ano o orzamento total ascende ata os 7,87 millóns de euros*
- *O obxectivo destas axudas é promover a integración laboral das persoas con discapacidade nos centros especiais de emprego, así como a súa permanencia no mercado laboral*

A Consellería de Traballo e Benestar financiará o mantemento do emprego de preto de 2.000 persoas traballadoras con discapacidade a través dunha orde de axudas que se encarga de financiar parcialmente o custo salarial destas contratacións. Estas subvencións van destinadas aos 110 centros especiais de emprego que existen en Galicia.

O Consello da Xunta deu hoxe o visto e prace á orde que establece estas subvencións e que regula o pagamento á conta e anticipado destas axudas, ata un 90% da totalidade concedida, co fin de colaborar co mantemento destes centros e de facilitarlles o seu financiamento. O importe dos anticipos será do 25 por cento da contía concedida.

Esta orde conta cun investimento de 2,87 millóns para o período do 1 de xullo ao 30 de novembro de 2012, ben que en todo este ano o orzamento total ascende ata os 7,87 millóns de euros. A contía das axudas que se perciben por cada persoa contratada é do 50 por cento do salario mínimo interprofesional (641,40 euros).

O obxectivo destas axudas é promover a integración laboral das persoas con discapacidade nos centros especiais de emprego, así como a súa permanencia no mercado laboral. Ao mesmo tempo, estas axudas favorecen a viabilidade destas instalacións.

Deste centros benefíciáanse persoas con distintos tipos e graos de discapacidade. En concreto, estes postos de traballo están ocupados por persoas con parálise cerebral, enfermidade mental ou discapacidade intelectual cun grao superior ao 33 por cento. Tamén poden acceder a estas fórmulas especiais de emprego protexido as persoas cun grao de discapacidade física ou sensorial superior ao 33 por cento.

O apoio aos centros especiais de emprego por parte da Xunta de Galicia complementase coas axudas dos programas de incentivos para a creación ou ampliación do cadro de persoal con discapacidade dos centros especiais de emprego e de subvencións ás

unidades de apoio á actividade profesional, dos centros especiais de emprego, neste caso cun orzamento de un millón de euros. Así, o orzamento destinado en 2012 ao emprego das persoas con discapacidade nos centros especiais de emprego ascenderá a 8,87 millóns de euros.

Esta iniciativa encádrase no esforzo da Xunta por acadar unha integración plena das persoas con discapacidade, no que o acceso ao emprego é un elemento decisivo. Para iso, a Consellería de Traballo e Benestar establece accións específicas para a inserción deste colectivo, así como para a súa permanencia no mercado laboral.

O GOBERNO GALEGO VALORA OS AVANCES NA ALIANZA ESTRATÉXICA ENTRE O SECTOR NAVAL GALEGO E A EMPRESA PETRÓLEOS MEXICANOS PEMEX

O Goberno galego valorou hoxe, durante a reunión do Consello da Xunta, os avances producidos na alianza estratéxica entre o sector naval galego e a empresa Petróleos Mexicanos Pemex.

Hoxe mesmo, o Boletín Oficial do Estado (BOE) publica o anuncio da solicitude formal, previo pago do aval, da petroleira mexicana para instalarse no porto exterior de Punta Langosteira. Isto significa o obxectivo 100% cumprido no que se refire aos intereses portuarios contidos na alianza estratéxica.

En relación ao acordo no relativo a barcos e buques, neste momento, a empresa latinoamericana xa ten enriba da mesa as propostas e as ofertas dos estaleiros galegos para a construción de 14 remolcadores -7 remolcadores para construír nos estaleiros de Galicia e outros 7 en coordinación cos estaleiros mexicanos- e, nas próximas semanas, establecerá cáles son os adxudicatarios.

Así mesmo, Pemex acaba de solicitar formalmente aos estaleiros galegos novos presupostos para a construción de 7 buques abastecedores, cun investimento de algo máis de 100 millóns de euros. Con esta decisión, amplíase o acordo estratéxico.